



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

EXPEDIENTE 2024/C005/000002. ADQUISICIÓN DUNHA DESBROZADORA LATERAL PROFESIONAL

Trámite: informe xustificativo da conveniencia e necesidade de contratar as obras

I.- Actuacións preparatorias do contrato de obras (aprobación do proxecto). Artigos 231 e seguintes da LCSP

I.- O día 13/06/2024 recíbese a notificación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes onde comunican a concesión da subvención concedida para a adquisición dunha desbrozadora lateral profesional cos seguintes importes:

Investimento solicitado: 40.000,00 €

Investimento subvencionable: 30.000,00 €

Subvención concedida: 30.000,00 € (75%)

II.- Necesidade e idoneidade coa que se pretende dar satisfacción (artigos 1, 28 e 116 da LCSP)

1. Necesidade.

En cumprimento do artigo 28 da LCSP, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado, xustifícanse na necesidade de conservar as zonas limpas e desbrozadas para poder manter unhas condicións medioambientais óptimas que favorezan a prevención de incendios. Do mesmo xeito que, é esencial para evitar o deterioro e degradación das zonas.

2. Idoneidade.

A idoneidade do subministración desta contratación para satisfacer as anteditas necesidades, desenvólvense no respectivo proxecto.

O prazo estimado para a execución da adquisición é de 1 (un) mes.

En definitiva, a necesidade e idoneidade da contratación, fundaméntase en relación co obxecto desta actuación, manter unhas condicións medioambientais óptimas que favorezan a prevención de incendios. Do mesmo xeito que, é esencial para evitar o deterioro e degradación das zonas

III. Finalidade institucional, competencias municipais

A finalidade a satisfacer pola administración municipal con este contrato é a de mellorar o servizo de protección do ambiente e medio natural.

O feito de que sexa unha maquinaria forestal permitirá para o mellor exercicio das funcións que a normativa vixente atribúe aos Concellos en materia de prevención de incendios (Lei 3//2007, do 9 de abril), así como para a

realización de tarefas de mantemento de bordos das vías públicas municipais, a limpeza das ribeiras dos ríos e das zonas verdes, así como xestión da biomasa vexetal.

IV. Natureza das obras e financiamento

1. A subministración ten a condición dunha actuación de inversión xa que supoñen un incremento da capacidade, rendemento e eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuacións de "investimentos reais", tipificándose o contrato como de obras (artigo 13 da LCSP).

2. O presente contrato está previsto tendo en conta a resolución da concesión pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ao amparo da Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e establécense as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG nº 19, de 27/01/2024), para a execución do proxecto denominado "Proxecto de Conservación Medioambiental 2024" para a adquisición dunha desbrozadora profesional para poder conservar as zonas limpas e desbrozadas é fundamental para poder manter unhas condicións medioambientais óptimas que favorezan a prevención de incendios. Do mesmo xeito que, é esencial para evitar o deterioro e degradación das zonas.

V. Conclusión

Por todo o exposto considérase necesario e conveniente a contratación das obras de ADQUISICIÓN DUNHA DESBROZADORA LATERAL PROFESIONAL

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Juan Manuel Corral Sánchez, coordinador do Servizo de Obras do Concello de Boqueixón